

NOTA DE PRENSA

EXPOSICIÓN "AGRUPÉMONOS TODOS. Gregarismo, lecer e outros motivos de xuntanza"

DATAS: 20 de xuño – 28 de setembro de 2003

LUGAR: salas de exposición da planta primeira do MARCO.

HORARIO: martes - domingo (festivos incluídos): 11:00h-20:00h. Venres 11:00h-23:00h.

COMISARIO: Javier González de Durana. Director do ARTIUM de Álava

ASESORA: Carlota Álvarez Basso. Directora do MARCO de Vigo

COORDINACIÓN XERAL: Daniel Egusquiza

COORDINACIÓN EN MARCO: Iria Candela

ORGANIZACIÓN: esta exposición é unha coproducción de ARTIUM (Centro-Museo Vasco de Arte Contemporáneo) de Álava e MARCO (Museo de Arte Contemporánea) de Vigo.

ENTIDADES COLABORADORAS: Faro de Vigo

ARTISTAS PARTICIPANTES: 19

- Magdalena ABAKANOWICZ (Polonia, 1930)
- Olivo BARBIERI (Italia, 1954)
- Sergio BELINCHÓN (Valencia, 1971)
- Eva BENSASSON (Reino Unido, 1973)
- Mira BERNABEU (Valencia, 1969)
- Sylvie BLOCHER (Francia, 1953)
- Daniel CANOGAR (Madrid, 1964)
- Andreas GURSKY (Alemaña, 1955)
- Zhang HUAN (China, 1965)
- Jérôme LEFDUP (Francia, 1965)
- Claude LEVÈQUE (Francia, 1953)
- Marcos LÓPEZ (Arxentina, 1958)
- Hiroyuki MATSUKAGE (Xapón, 1965)
- Adi NES (Israel, 1966)
- João ONOFRE (Portugal, 1976)
- João TABARRA (Portugal, 1966)
- Agustí TORRES (Mallorca, 1965)
- Spencer TUNICK (Estados Unidos, 1967)
- Massimo VITALI (Italia, 1944)

NÚMERO DE OBRAS NA EXPOSICIÓN: 35

Fotografías	27	Instalacións de son interactivas	1
Videoinstalacións	3	Esculturas	1
Instalacións	1	Monitores de vídeo	2

CATÁLOGO:

Nesta ocasión optouse por unha iniciativa certamente innovadora: MARCO e ARTIUM editarán, grazas á colaboración desinteresada de **Faro de Vigo**, unha **publicación en formato periódico** inspirada no deseño dos diarios da loita obreira de principios de século, que substitúe ó tradicional catálogo. A distribución deste periódico será **gratuita para tódolos visitantes da exposición**. É unha publicación trilingüe (galego, castelán e vasco) de 16 páxinas, nas que se reproducen as obras incluídas na exposición acompañadas de breves reseñas críticas. Un texto escrito polo comisario, Javier González de Durana, abre a publicación a modo de editorial na portada, e outro de Carlota Álvarez Basso, Directora do MARCO, aparece na contraportada a modo de peche.

SOBRE O COMISARIO:

Javier González de Durana (Bilbao, 1951) é profesor titular de Historia Contemporánea na Universidade do País Vasco. Foi Director da Sala de Exposicións REKALDE (1992-2001) e dende o 2002 o é de ARTIUM de Álava, Centro-Museo Vasco de Arte Contemporánea. Membro do Consello de Administración do Museo de Belas Artes de Bilbao (1985-2002) e do Consorcio Museo Guggenheim Bilbao (1993-1998).

SÍNTESE DO PROXECTO EXPOSITIVO:

Continuando coa súa liña de programación de exposicións temáticas colectivas dedicadas á creación artística máis recente de ámbito internacional, MARCO de Vigo coproduce, con ARTIUM de Álava, a mostra titulada "AGRUPÉMONOS TODOS. Gregarismo, lecer e outros motivos de xuntanza."

O título xoga co bordón da *Internacional*, o histórico himno de loita polos dereitos da clase obreira, como reflexión acerca do significado da xuntanza como potencialidade revolucionaria, contrapoñéndoo á masificación actual, baleira de significado ou obxectivo. Nesto baséase o comisario, Javier González de Durana, para escribi-lo texto que abre a publicación de formato periódico que neste caso acompaña á exposición en substitución do tradicional catálogo.

A mostra reúne obras dun total de 19 artistas de 12 países, –na súa maioría fotografías, pero tamén vídeos e instalacións– "agrupadas" baixo un denominador común: son imaxes de masas de xente, "retratos" colectivos e anónimos sen protagonista individual. E niso reside precisamente a súa gran forza expresiva. O poder visual e plástico das multitudes en diálogo co espectador.

Certamente, unha exposición como AGRUPÉMONOS permite múltiples lecturas dende o punto de vista sociolóxico, histórico, político, literario, poético e visual. Lecturas que se combinan, nos máis dos casos, cunha visión irónica, humorística ou amarga da nosa realidade de finais do século XX e inicios do XXI.

O percorrido iníciase coa espectacular obra de **Jerôme Lefdup**, un ensaio visual sobre as masas baseado en imaxes de arquivos históricos, que deixa transluci-la despersonalización das multitudes. Lefdup articula as imaxes e reforza o seu significado a partir da música, da que tamén é autor.

O corpo humano espido como motivo plástico, como argumento da obra, estivo presente dende os inicios da historia da arte universal. Sen embargo, existe unha diferenza entre o nu como substantivo, o corpo humano como motivo estético, e a persoa espida, despoxada das súas roupas. Aquí trátase máis ben do segundo. O corpos nus ou espidos (**Spencer Tunick**, **Zhang Huan**, **Mira Bernabeu**), son o punto de partida para emitir mensaxes ou críticas sobre a cultura do espectáculo, os movementos de masas, a aliñación do ser humano na sociedade de consumo, os comportamentos sociais, familiares ou culturais; en suma, distintas visións da realidade neste século. Nas fotografías de Tunick os corpos xúntanse e amontóanse, poñendo en evidencia a crúa visión do ser humano como unha "morea de carne" sen identidade nin pretensións esteticistas.

Hai imaxes nas que os "protagonistas anónimos" aparecen uniformados, ben a través dun recurso técnico, do escenario, dos seus xestos ou indumentarias. **Eva Bensasson** reflexiona sobre a anulación dos suxeitos na sociedade contemporánea, transformados nunha colección de sombras, mentres **Sylvie Blocher** utiliza o contraste entre os cánticos proletarios e as melodías infantís para sorprender ó espectador. **Andreas Gursky** fálanos dos xestos disciplinados ou frenéticos das multitudes en escenarios laborais ou de lecer. A uniformidade –aquí dramática– de personaxes sen rostro está presente nas instalacións de **Magdalena Abakanowitz**, obsesionada pola imaxe da multitude manipulada como un organismo sen cerebro, e actuando como tal.

Outras obras teñen que ver coa perspectiva, como os espazos de Daniel Canogar, nos que as figuras flotan no medio dunha nada escura e neutra, ou as imaxes narrativas de **João Tabarra**, baseadas na súa experiencia de fotoperiodismo, ou as de **Olivo Barbieri**, que utiliza perspectivas a voo de paxaro nas que os corpos se convierten en manchas informes. Isto contrasta con aquelas outras (João Onofre, Agustí Torres) nas que un ou varios dos individuos son "rescatados" da multitude e, paradoxicamente, personalízanse e ó tempo disólvense no grupo.

Entre os motivos de xuntanza está o lecer (**Massimo Vitali**, Agustí Torres), que reflicte a unha sociedade cada vez máis anónima e solitaria, falta de privacidade. E é precisamente soidade a sensación que transmite a imaxe poética de **Sergio Belinchón**, na que os corpos se confunden nun ambiente de fría placidez. Está tamén o lecer cargado de referencias simbólicas de **Marcos López** ou de **Adi Nes**, que subverten a icona da última cea e trasládana a unha escena de grellada campestre ou a unha cea de soldados do exército.

Ás veces as multitudes están presentes a través da súa ausencia, como na obra de **Claude Levêque**, que utiliza dous signos opostos nados na mesma época, e dirixidos ás masas: un icónico (Mickey Mouse) e outro escrito ("o traballo faravos libres", a coñecida frase que campaba sobre a porta de ingreso de Auschwitz).

A mostra non só inclúe obras fotográficas, senón tamén vídeos e unha instalación interactiva, a de **Hiroyuki Matsukage**, na que o espectador se converte por unha vez en verdadeiro protagonista, gozando dos cinco minutos de celebridade que prometía Warhol.

TEXTO DO COMISARIO:

A primeira estrofa da **Internacional**, o histórico himno de loita polos dereitos da clase obreira, di: "Arriba, parias da terra; en pé, famélica lexión...". Durante máis dun século ese canto concitou as esperanzas e anhelos de quen, por sufriren as inxustizas dun cruel sistema económico, propuxéronse cambialo politicamente malia os esforzos e penalidades que por iso deberon sufrir. Fronte ó individualismo e maila depredación egoísta do capitalismo liberal, os "internacionalistas" predicaban a solidariedade e mailo destino social dos beneficios xerados polo traballo. Dende o principio da súa universalista canción, animaban ós máis pobres e desherdados da terra, a todos e de todo o mundo (aínda que implicitamente aludisen ós obreiros da industria, por teren máis fácil acceso á "toma de conciencia") a levantarse da súa prostración para acadar os seus obxectivos. O bordón do himno exhortaba á unión para así acadar o éxito na batalla ideolóxica, "de clases", que os asoballados habían emprender contra o capital na procura doutro modelo político e económico: "*Agrupémonos todos na loita final e álcense os pobos con valor pola Internacional*".

Como declaración "socialista", trala irrupción dos réximes comunistas cos que supostamente se accedera ó prometido polo himno, *A Internacional* quedou referido case en exclusiva a esta clase de circunstancia e situación política, ata o punto de que os diversos partidos socialistas pouco a pouco foron abandonando a súa música e maila súa letra. Por iso, unha vez esboroados os estados comunistas, únicos que seguían a entoalo malia exercer exactamente o contrario do que nel se predica, o himno pasou ó cuarto trasteiro das arengas musicais políticas arrombadas, xunto ó *Cara al Sol*, *Bandiera Rossa* e tantas outras. Aínda que o proxecto político dos "internacionalistas" quedou postergado, nas sociedades postindustriais de Occidente xa non existe aquela evidente lexión de famélicos parias. Sono, en todo caso, os emigrantes de países empobrecidos pola mala descolonización e mailos réximes dictatoriais, e, sobre todo, sono aqueles que viven dentro deses países. Nas sociedades do Primeiro Mundo, preténdese un pouco máis de respecto, posto que este "capitalismo de rostro humano" non soporta ben a proximidade da miseria e maila desgracia. A súa inmediatez crea mala conciencia, aínda que non se se atopa noutro continente.

Algunhas metas de igualdade perseguidas polos "internacionalistas" parecen terse acadado, paradoxicamente, baixo o paroxismo da globalizada sociedade de consumo actual. Pero é só unha máscara que uni-forma colectivamente ó tempo que de-forma ó individuo, que iguala a pel ó tempo que converte a ideoloxía en grotesco aceno. Pero ¿quere isto dicir que a xente xa non precisa xuntarse en grandes concentracións para acadar un fin que lles reporte maior felicidade, lograr un obxectivo que lles transcenda ou esquecer outro tipo de miserias menos visibles, polo menos por un momento? e aínda ¿que non prefira dedica-los seus esforzos de grupo a tarefas intrascendentes no colectivo pero satisfactorias no individual? De feito, a xente non fai senón aglutinarse en masas, pero non para librar loitas épicas, aínda que tamén se fose preciso, senón, en todo caso, para esquecer conflitos cotiáns. O mundo do espectáculo, da moda impositiva, da corrección política, do consumo compulsivo, do relativismo moral e mais do simulacro fantasioso ¿non oculta ou sublima unha anemia psíquica e unha anorexia vital que afecta tamén a lexións de individuos?

Esta exposición achégase ós fillos, netos e bisnetos (alimentados, aínda que quizais non ben nutridos) de quen, tempo atrás, entoaron con fe e convicción cancións utópicas de igualdade, xustiza e liberdade, e propón que o espectador se pregunte a si mesmo onde van ou en que se transforman algúns soños políticos e sociais. Introdúcese a exposición cun arrepiante documento realizado por **Jerôme Lefdup**, entre o testemuño histórico, a creación artística e o comentario irónico, co que, como un vendaval, fai repaso indiscriminado -e visualmente moi plástico- dos diferentes tipos de multitudes e xentíos que converteron o século XX na época do individuo como ser masificado e da masa como entidade individualizada. Amósanse certos comportamentos actuais de grupos de xentes, uns para amosar como se ananizaron e deformaron os soños igualitaristas dende Lenin ata Disney (**Sylvie Blocher**), outros para se amosaren remotos e irrecoñecibles como membros de "politburós" que, dende o mercado e

maila empresa internacionalmente global, dirixen o mundo cara á uniformidade (**Andreas Gursky**), outros, pola contra, para tomaren singularidade adiantándose o personaxe ata acada-lo primeiro plano pero repetindo unha mesma frase, orgullosa e heroica, pero aprendida (João Onofre) ou para adiantándose o visitante da exposición ata un micrófono recibi-lo aplauso indiscriminado dun público inerte (**Hiroyuki Matsukage**), outros para, diluíndose voluntariamente nos demais, lograr unha mínima victoria sobre o Natural (**Zhang Huan**) ou o Artificial (**Spencer Tunick**), e outros, facéndoo involuntariamente, lograr que a victoria sexa para o mercado do lecer globalizado (**Massimo Vitali**), outros para, ante preparativos gastronómicos, repetir xestos que perderon significado pero posibilitan participar dunha comunión transitoriamente liberadora (**Marcos López, Adi Nes**), e outros para preguntarse onde hai que ir para asistir ou tomar parte no seguinte espectáculo, cultural ou político, (**Mira Bernabeu**), xunto ó peche do ciclo con outra imaxe "disney" posta en paralelo con outra proclama igualitarista ("o traballo faravos libres"), a que cruelmente recibía en Auschwitz a milleiros de persoas que ían morrer polos delirios doutro totalitarismo (**Claude Levêque**), para desembocar nun tipo de agrupación "post-mortem" (**João Tabarra**). Non faltan quen nestas circunstancias, aínda agrupados, séntense descolocados ou negados (**Olivo Barbieri, Eva Bensasson**).

Dende a industria do entretemento ironízase sobre os soños e mailos monstros do século XX; mediante grupos de xente hierática ou desenfreada, plásmase o rostro novo de vellas estratexias alienadoras; e, sen embargo, individuo a individuo, facendo forza en grupo, segue a ser posible entoar un canto -oral e repetitivo, ou corporal e silencioso- para cambia-la realidade.

SOLICITUDE DE MATERIAL GRÁFICO

MATERIAL GRÁFICO DISPONIBLE PARA A PRENSA:

CD con textos e fotos da exposición, en diferentes formatos.

SE DESEXA RECIBIR DOCUMENTACIÓN, CUBRA E ENVÍE ESTE DOCUMENTO POR CORREO ELECTRÓNICO , FAX OU CORREO POSTAL A:

MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Rúa Príncipe 54
36202 Vigo (Pontevedra)

Departamento de Comunicación e Relacións Externas

Marta Viana Tomé
Pilar Souto Soto
Tel. +34 986 113908 / 113903
Fax +34 986 113901
marta.viana@marcovigo.com
pilar.souto@marcovigo.com

Prégase especifica-lo formato da imaxe, así como o medio de comunicación para o que solicita a documentación:

Formato desexado:		
Nome e apelidos:	Temas de interese:	Teléfono:
Cargo:	Enderezo:	Fax:
Medio de Comunicación:	Código postal e cidade:	E-mail:
Sección/ Programa:	Enderezo alternativo:	Outros:

Solicitamos remitan un exemplar da reseña que publiquen ó noso Departamento de Comunicación.